

MARTES, 17 DE MARZO DE 2020

2º PRIMARIA

1º INGLÉS:

Video Let's get dressed: <https://www.youtube.com/watch?v=jdqZFLKRZ0A>

Video 2: [https://www.youtube.com/watch?v=9HF-u\]bhzfE](https://www.youtube.com/watch?v=9HF-u]bhzfE)

Let's dress up: Play with your clothes. Non only pyjamas ;)

I am wearing..... (hat, socks, trousers, coat, scarf, jumper, skirt, dress, shorts...) Sexamos modelos por un ratiño, e se é con roupa dos maiores aínda máis diver! :)

Practice I am wearing/ I am not wearing

Game1: <https://www.eslgamesplus.com/weather-clothes-vocabulary-memory-game-for-esl/>

Game2:

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_\(ESL\)/Clothes/What_are_they_wearing\\$-no122vf](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(ESL)/Clothes/What_are_they_wearing$-no122vf)

Now, DRAW in your notebook , you don't have to print:



2º EDUCACIÓN FÍSICA:

BENVIDOS AO PAVILLÓN VIRTUAL!

O noso corpo necesita moverse e estar activo tódolos días; por iso a actividade física é tan importante para a nosa saúde e debe realizarse a diario. E pensaredes... pero Paula! como vamos a facer Educación Física se non podemos saír da casa?! Pois... SORPRESA!

Como sabedes, as clases de Educación Física están divididas por grupos (1º, 2º, 3º e 4º, 5º, 6º). Algúns dos xogos que aparecen a continuación son iguais para tódolos grupos co propósito de compartir cos irmáns ou con calquera membro da familia estas actividades.

O exercicio axúdanos a activar o noso corpo, entreternos, desconectar dos pensamentos e polo tanto fainos estar mais felices... anima a túa familia a facer estes exercicios contigo :)

[Recorda: o importante é disfrutar da actividade polo que escolle o mellor momento do día para levala a cabo, tamén podes repartilas en varios días ou repetir as túas favoritas cada tarde.]

E AGORA... SIN MAIS DILACIÓN...

*COMEZAMOS EN
THREE
TWO
ONE...
GO*

1º POPPING BUBBLES

Comezamos a activar o noso corpo cunha canción moi movida. Todo o mundo a bailar!

LET'S DANCE

<https://www.youtube.com/watch?v=JdBIXPWM8AI>

2º FLYING SCHOOL

Para esta actividade necesitamos papel reciclado ou papel de periódico. En primeiro lugar contruímos o noso panel: (mira o exemplo da foto para ter unha idea).



A continuación, marca en cada burato a súa puntuación (é dicir, en cada burato que metamos unha bola gañaremos unha serie de puntos).

Despois fai bolas (recorda, usa sempre papel reciclado).

Por último, invita a algún membro da familia a xogar contigo...

Quen gañou mais puntos?

3º TOYS RUN

Xuntamos coxíns, bonecos ou calquera obxecto brando e de mediano tamaño que teñamos.

- Colocámonos no chan, deitados boca arriba coas pernas estiradas.
- Deixamos os bonecos, coxíns, etc. ao lado dos pés.
- Colocamos unha caixa baleira enriba de onde temos apoiada a cabeza.

O xogo consiste en introducir os obxectos o mais rápido posible dentro da caixa.

Practicache? Dille a un membro da túa familia que o faga contigo, quen é mais rápido?

4º THE MAXARENA

Vamos a seguir o ritmo da música e cantar un pouco... seguro que a todos os nenos e nenas de primeiro e segundo lles sona o nome de MAXIMO... pois ben, témolo hoxe con nós para bailar e cantar unha canción que seguro que tódalas persoas da vosa familia saben.

Ah! iso si! esta é in english please!!

<https://www.youtube.com/watch?v=MA5P7TYPYcc>

Pregúntalle a túa familia como é a canción orixinal, xa verás como a saben!!

5º YOGA

Chegou o final da clase e necesitamos relaxarnos e concentrarnos un pouquiño na nosa respiración. Hoxe vamos a aprender algunhas posturas de ioga moi sinxelas, atréveste?

Respira profundo e concéntrate:

<https://www.youtube.com/watch?v=t8748OWc1nQ>

3º RELIXIÓN:

<http://cativos-consuelo.blogspot.com/2020/03/unha-peli-para-lembrar-as-ensinanzas-de.html>

4º RELIXIÓN:

5º MÚSICA:

Bos días, hoxe, imos divertirnos cunha peza musical moi simpática de Leroy Anderson.....

- *O reloxo sincopado*

Escoita a audición... Trata dun reloxo que está un pouco tolo, en troques de cumprir coa misión de marcalo seu tic-toc inalterable, adícase a realizar pasiños de baile moi difíciles chamados "claqué" mentres o seu dono non o vía. Debes estar moi atento porque cando menos o esperas..... Zas..... ponse a bailar interrompendo o seu tic-toc.....

Ademais, ás veces, queda dormido e non funciona, atrasando a hora que debía marcar.....queredes saber a razón,..... durmía e soñaba que bailaba cunha moza-reloxo moi fermosa.....

<https://www.youtube.com/watch?v=xq2ggP5ESWI>

Gustouche?

Agora realiza un debuxo coa audición de fondo mentres non rematas o debuxo. Seguro que facedes unhos debuxos moi hermosos, podedes envialos polo whatsap (individual de cada un) para ver que bonitiños vos quedaron.

-----Levades moito tempo sentados, podedes escoitar outra versión e movervos co trasno cando o reloxo funciona ben.....e cando se queda dormido, bailar cunha persoa maior, en parella.

<https://www.youtube.com/watch?v=sba8hbxhN1g>

Remataremos a sesión coa canción.....Fun o mercado

https://www.youtube.com/watch?v=yEhQr_R0sJ0

Despois de escoitala varias veces, podedes memorizala e escenificala coa vosa familia.